

Desta vai!! Un mes de maio e xuño cheo de mobilizacións nos tres sectores de atención ás persoas

A CIG-Ensino reafirma no primeiro aniversario desta loita o seu compromiso coas mobilizacións na rúa e dos tres sectores de atención ás persoas: discapacidade, menores e infantil 0-3 e chama en autoconvocatoria á unidade de acción e organización na Galiza.



A CIG-Ensino congratúlase de que máis organizacións e colectivos se sumen agora á loita na rúa, que o sindicato leva máis de dous anos liderando na Galiza co conflito no sector de **Infantil 0-3** e un ano impulsando unha plataforma unitaria que abrangue tamén aos sectores de **Discapacidade** e **Menores** —coa unidade posterior

da CUT e o SNEP— chamada «Política Social en Loita». Desde a CIG-Ensino parabenizamos a quen, por fin, decide mobilizarse agora, pero facemos un chamamento á coherencia, unidade e á **autoorganización galega**, con decisións consensuadas e axustadas as necesidades e prioridades do persoal traballador galego.



Para a CIG-Ensino é fundamental que as decisións se tomen no noso país. As competencias son da Xunta de Galiza e é á **Consellería de Política Social** a quen debemos esixir responsabilidades pola precariedade que sofren estes tres sectores de atención ás persoas, na formación e nos coidados. Non podemos depender de estratexias deseñadas en Madrid que non sempre entenden a realidade das nosas traballadoras, nin van dar solucións na Galiza ás reivindicacións comúns nin propias de cada sector.

«Non podemos depender de estratexias deseñadas en Madrid que non sempre entenden a realidade das nosas traballadoras, nin van dar solucións na Galiza ás reivindicacións comúns nin propias de cada sector»

Nese sentido, a CIG-Ensino apoia as mobilizacións anunciadas para o 7 de maio e volta facer unha chamada a unidade de acción real e suma de forzas para levar adiante todo o calendario de loita que a CIG, xunto con SNEP e a CUT, xa teñen en marcha para os tres sectores, entendendo que a precariedade é transversal:

- **13 de maio:** Concentración na Coruña (Espazo Amizar de Política Social).
- **1, 2 e 3 de xuño:** Camiño de Santiago reivindicativo. O 1 e 2 caravana de coches.
- **3 de xuño:** Xornada de **folga parcial de 9:00h a 14:00h, con manifestación** dende o Monte do Gozo á Xunta de Galiza en San Caetano.

O futuro: unha Plataforma Galega Unitaria e dos tres sectores

A proposta da CIG-Ensino é a autoconvocatoria á reformulación da **Plataforma Galega de Discapacidade, Menores e Infantil 0-3** que integre a todas as organizacións sociais, plataformas e sindicatos dispostos a loitar. Un espazo de negociación e consenso onde se decidan as mobilizacións a levar a cabo, ate acadar o cadro reivindicativo que todas compartimos: melloras laborais, sociais, salariais e, sobre todo, a dignificación tanto da parte educativa-formativa como de atención-coidados de cada un dos tres sectores.

É o momento de pasar das palabras aos feitos e ao compromiso, pero facéndoo con autonomía e unidade en e dende Galiza. A loita é o único camiño!

A CIG-Ensino denuncia o fracaso do marco estatal de negociación colectiva por non dar resposta ás reivindicacións das traballadoras galegas na etapa 0-3: a solución non está en Madrid senón na Galiza

As educadoras da xestión indirecta do XIII Convenio Estatal de Infantil 0-3 manterán o seu salario base por debaixo do SMI tras o asinado polos sindicatos estatais e negarse a patronal a unha mínima adaptación legal solicitada e regulada.

O pasado venres 17 de abril tivo lugar unha Mesa negociadora do XIII Convenio Estatal de Centros+ de Asistencia e Educación Infantil etapa 0-3, convocada polos asinantes do convenio, cun único punto na orde do día: -Salarios da Educadora Infantil de xestión indirecta (táboa B) tras a subida do SMI 2026.

A reunión remata sen ningunha modificación nin adaptación mínima ao SMI, ao negarse a patronal a renegocialas e que se aplique a disposición 3ª regulada no convenio:

«Durante a vixencia do presente convenio colectivo, a Comisión Negociadora reunirse para negociar as adaptacións necesarias para adecuar os salarios ao SMI anual que aprobe o Goberno ata a publicación do próximo convenio colectivo, co fin de garantir que ningún posto de traballo terá asociado unha retribución por baixo do SMI correspondente a cada un destes anos».

A CIG-Ensino defendeu en solitario, en coherencia sindical coas demandas do sector na Galiza defendidas cando se negociou o XIII convenio e as súas táboas salariais, a proposta:

«Aplicar as táboas A) a todos e todas as afectadas polo convenio neste ano 2026 e, os seguintes anos, negociar subas na liña de garantir IPC futuro e recuperar o perdido en todos estes anos». A fórmula sería aplicar mínimo o IPC de cada ano e máis unha porcentaxe a maiores, na liña de dignificar

«A Xunta de Galiza, con Fabiola García ao fronte, é sabedora desta situación por activa e pasiva, pero miran cara outro lado, negándose até a recibir o persoal traballador para escoitar as súas reivindicacións»



os salarios dunha vez e dar resposta ás mobilizacións actuais. Mobilizacións que na Galiza leva realizando a CIG dende que se asinou este XIII Convenio, o cal non deu resposta ás reivindicacións e mobilizacións xa feitas na súa negociación, con 6 folgas e unha posición indigna que deixou tirado ao persoal traballador por parte dos sindicatos estatais asinantes, UGT- FSIE e USO.

A CIG-Ensino non comparte as diferenzas salariais (até 4 tipos de táboas salariais) do convenio e con máis razóns na Galiza, pois hai total gratuidade no 0-3 por parte da Xunta, sendo máis incomprensíbel e discriminatorio termos estas distintas táboas a aplicar, de darmos por válido o principio de que a igual traballo, igual salario. A Xunta de Galiza, con Fabiola García ao fronte, é sabedora desta situación por activa e pasiva, pero miran cara outro lado, negándose até a recibir o persoal traballador para escoitar as súas reivindicacións e poñer solución a esta problemática, apostando pola precariedade laboral e ofertar este servizo gratuito a *low-cost*, por puros fins economicistas.

Por isto, entendemos que estas táboas estatais deberían ser de mínimos, e logo en cada comunidade autónoma –con competencias en educación– adaptarse ás súas situacións, posibilidades e necesidades; con negociacións propias. Isto é o que está a CIG a demandar na Galiza, ademais dun complemento salarial autonómico galego (na liña do conquistado hai pouco no sector de Menores e non ter que esperar a novos pregos para cobrar táboas tipo A), outras melloras laborais (parella educativa, menos ratios...) no camiño dun futuro Convenio Galego que dignifique o sector, así como a constitución previa da patronal galega no sector, que se de verdade lles preocupa o 0-3, debería organizarse na Galiza. De feito, xa foron chamadas distintas asociacións de empresas (ASEIGAIS, AFESIN, ACADE, AEIOU, e AGADEI) a unha xuntanza, pola parte social, e a maioritaria AGADEI non asistiu nin xustificou ausencia.

«O trío UGT-FSIE-USO reivindicou a esmola de renegociar táboas con diferenciais salariais coma os actuais (+16 €) e non volver igualar os salarios das educadoras coa categoría inferior ou mesmo acabar cobrando menos»

No que se refire aos sindicatos estatais asinantes do XIII convenio, o trío UGT-FSIE-USO reivindicou a esmola de renegociar táboas con diferenciais salariais coma os actuais (+16 €) e non volver igualar os salarios das educadoras coa categoría inferior ou mesmo acabar cobrando menos. Atados polo asinado no XIII convenio, pediron un mínimo esforzo á patronal, a cal con puño de ferro, unha vez máis dixo «NON» e que había que cumprir o acordado e asinado. Por parte da organización sindical maioritaria, que se notou que non sabe estar no papel de non-asinante,



reivindicouse a «homologación salarial coa escola pública...» amosando unha total incoherencia sindical co reivindicado cando se negociaron as táboas salariais no XIII Convenio e polo contexto.

Unha vez máis, **estamos ante un Marco Estatal de Negociación Colectiva estéril que non dá resposta ás reivindicacións do sector no Estado**, como exemplo as mobilizacións agora en Madrid que trasladan ao resto de comunidades autónomas, **e moito menos ao persoal traballador na Galiza, onde a CIG leva mobilizándose case dous anos cunha campaña de sinaturas do sector infantil 0-3 «Melloras laborais e salarias no 0-3: convenio galego», para logo unirse aos sectores de Menores e Discapacidade, coa finalidade de ter máis forza e presenza nas rúas**. Mobilizacións ás que se uniron a CUT e SNEP e ás que animamos a facelo a quen queira sumar e teña claro que a loita é o único camiño.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 a Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 a Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal